

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Análise Política: Institucións, Actores e Procesos				
Materia	Análise Política: Institucións, Actores e Procesos			
Código	P04M125V01103			
Titulación	Máster Universitario en Dirección Pública e Liderado Institucional			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía			
Coordinador/a	López Mira, Álvaro Xosé			
Profesorado	López Mira, Álvaro Xosé			
Correo-e	almira@uvigo.es			
Web	http://www.faitic.es			
Descrición xeral	Esta materia Análise política: institucións, actores e procesos (3 ECTS) -encadrada no Módulo 2: Política, Democracia e Goberno: Problemas e Tendencias actuais-, consta de catro temas. Como poderedes comprobar, estes pretenden aproximarvos a un conxunto de aspectos e cuestións básicas relacionadas coas institucións (formas de goberno), os actores políticos (partidos políticos e grupos de presión) e o proceso político (europeización). Con iso aspiramos a proporcionarvos algúns elementos do marco ou contexto no que desenvolven a súa actuación as administracións públicas que vos axude a obter unha comprensión adecuada e global. Noutras palabras, o descoñecemento dese escenario (e por conseguinte, das interaccións que se producen nel) por quen exerce labores de dirección e xestión pública poden repercutir na eficacia e eficiencia das accións públicas ou, simplemente, conducir ao fracaso.			

Competencias	
Código	
A1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoito nun contexto de investigación.
B3	Capacidade de realizar reflexións e análises críticas sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
C5	Coñecer o estado actual dos estudos en Ciencia política e da administración.
D5	Habilidade de aprendizaxe autodirixida e traballo autónomo no eido das ciencias sociais.

Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecer o estado actual dos estudos en Ciencia política e da administración.	C5
Capacidade de realizar reflexións e análises críticas sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.	B3
Habilidade de aprendizaxe autodirixido e traballo autónomo no campo das ciencias sociais.	D5
Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación	A1

Contidos
Tema

Tema 1. Sistema político. Institucións, partidos e redes	1.1. Parlamentos e Gobernos en cambio. 1.2. A revalorización das institucións no contexto do século XXI. 1.3. Descentralización política e globalización. 1.4. Partidos e sistemas de partidos na crise do Estado Social. 1.5. A comunicación política: partidos, medios, política. 1.6. Democracia e lexitimidade en contextos de cambio globalizador.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Presentación	0	30	30
Resolución de problemas de forma autónoma	0	25	25
Foros de discusión	0	20	20

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Presentación	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.
Resolución de problemas de forma autónoma	A través de Faitic: lectura de textos, actividades de autoavaliación, visualización de pílulas docentes e titorías on line.
Foros de discusión	Actividade desenvolvida nunha contorna virtual na que se debaten temas diversos relacionados co ámbito académico e/ou profesional.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Foros de discusión	Resolución de dúbidas do alumnado en relación con algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade desenvolverase de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do campus virtual).
Presentación	Resolución de dúbidas do alumnado en relación con algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade desenvolverase de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do campus virtual).
Resolución de problemas de forma autónoma	Resolución de dúbidas do alumnado en relación con algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade desenvolverase de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do campus virtual).

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Presentación	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.	60	A1		C5	D5
Foros de discusión	Actividade desenvolvida nunha contorna virtual na que se debaten temas diversos relacionados co ámbito académico e/ou profesional.	40	A1	B3		

Outros comentarios sobre a Avaliación

- A información sobre as actividades evaluativas está dispoñible no espazo da materia en Faitic, baixo a etiqueta Avaliación de cada tema.

- Na convocatoria de xullo a actividade "foros de discusión" será substituída por probas "de resposta curta" con idéntico baremo calificatorio (40%). As probas de resposta curta realízanse para valorar a evolución das competencias adquiridas, singularmente CB1, e consistirán en preguntas directas sobre un aspecto concreto ao que

o alumnado deberá responder tamén de maneira directa e breve sobre a base dos coñecementos teóricos adquiridos na materia.

- Para a superación desta materia é necesario a lectura e asimilación dos textos vinculados a cada tema localizados na plataforma Faitic.
- Ademais dos textos, o/a estudante terá acceso (directo/cita) a unha bibliografía complementaria.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Álvaro Xosé López Mira, **Sistema político. Instituciones, partidos y redes**, 2018

Bibliografía Complementaria

Recomendacións